



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ANUNCIO DE CONVOCATORIA

### **Aprobación das bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal laboral na categoría de socorrista acuático**

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 15 de maio de 2024, á vista dos antecedentes, documentos e informes que constan no correspondente expediente electrónico, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de **Socorrista Acuático**.

Dando cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Monfero, 15 de maio de 2024. O ALCALDE Andrés Feal Varela .

### **BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS.**

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Estas bases teñen por obxecto regular o sistema de selección e o funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal laboral mediante un procedemento áxil que respecte os principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, celeridade e publicidade, na categoría profesional de SOCORRISTA ACUÁTICO, para atender as necesidades que teña o Concello desta clase de persoal para a prestación do servizo municipal de socorrismo, tanto para a execución de programas temporais como para a realización de substitucións ou por circunstancias da produción (cobertura de vacantes, vacacións, acumulación de tarefas...) durante o período da súa vixencia.

No caso de programas financiados por outras administracións, para realizar a contratación, teranse previamente en conta as características e esixencias de selección específicas esixidas nas correspondentes convocatorias, procedendo a aplicación desta bolsa só no caso de que as respecte e tendo en conta que as funcións a realizar polo persoal a contratar sexan as propias do servizo de socorrismo.

No caso de que, de acordo a determinados programas financiados por outras administracións, exista unha listaxe inicial de candidatos preseleccionados pola oficina pública de emprego, aplicarase esta Bolsa para realizar a selección definitiva, de acordo ao indicado no parágrafo anterior.

Así mesmo, para o caso de que ningún dos candidatos que figuren na preselección remitida pola Oficina de Emprego, se atope na Bolsa aprobada obxecto desta convocatoria, para a súa valoración e selección definitiva, deberán xustificar que reúnen os requisitos indicados na base quinta e superar o proceso de selección coa realización das probas indicadas na base 12 desta convocatoria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O tipo de contrato virá determinado polo indicado na lexislación laboral vixente, Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e normativa de desenvolvemento.

Con respecto á duración dos contratos, respectarase o indicado no art. Primeiro.Tres.5. do Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral que indica que: *“... as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses estivesen contratadas durante un prazo superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dúas ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, adquirirán a condición de persoas traballadoras fixas. Esta previsión tamén será de aplicación cando se produzan supostos de sucesión ou subrogación empresarial conforme ao disposto legal ou convencionalmente.*

*Así mesmo, adquirirá a condición de fixa a persoa que ocupe un posto de traballo que estivese ocupado con ou sen solución de continuidade, durante máis de dezoito meses nun período de vinte e catro meses mediante contratos por circunstancias da produción, incluídos os contratos de posta a disposición realizados con empresas de traballo temporal.”*

De tal forma que, se algún candidato resultase afectado por estas limitacións, non poderá ser contratado, o que dará lugar á incorporación do seguinte, mentres permanezan ditas limitacións.

## **Segunda.- Publicidade da convocatoria**

A Convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio extractado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e un das bases integras no taboleiro de anuncios electrónico municipal,, situado na páxina web do concello: [www.concellodemonfero.com](http://www.concellodemonfero.com) e na sede electrónica municipal: [sede.monfero.es](http://sede.monfero.es)

## **Terceira.- Características da “bolsa de emprego”**

Co resultado do proceso selectivo confeccionarase unha bolsa de emprego cos aspirantes que o superaron, por orde de puntuación, procedéndose, no seu momento, á súa contratación ou nomeamento de forma correlativa e decrecente, en función das necesidades que xurdan.

En todo caso, o Concello poderá establecer un procedemento de selección diferente e específico cando se requira un perfil profesional concreto.

A bolsa permanecerá en vigor durante un período mínimo de dous anos e ata un máximo de cinco desde que sexa aprobada, procedendo a súa renovación cando transcorra este período mínimo e, unha vez renovada ou transcorridos cinco anos, perderá validez a que até ese momento estivese vixente, pero sen que iso afecte ao persoal contratado en virtude dela e durante a súa vixencia

## **Cuarta.- Funcións do posto.**

O cometido funcional do posto versará sobre a realización das funcións e tarefas que se indican no anexo de Persoal do vixente Orzamento do Concello, propias do servizo de socorrismo, ou nos programas que, no seu caso, rexan estas contratacións, como o programa da Deputación Provincial ou os programas de fomento do emprego da Xunta de Galicia.

## **Quinta.- Requisitos dos/las aspirantes**

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Teren cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

c) Non se esixe titulación académica específica, non obstante o/a candidato/a deberá estar inscrito no correspondente Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia e acreditar a posesión da formación mínima esixida (Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 93 do 16/05/2023) .

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021. Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo (vixente de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 152/2021) serán admitidas aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións que correspondan ao posto a ocupar.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade

## Sexta.- Retribucións

As retribucións a percibir serán as establecidas para ese posto no Anexo de Persoal do Orzamento en vigor do Concello de Monfero

## Sétima.- Xornada de traballo

Xornada completa (37,5 h), de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei, que haberá de acomodarse ao horario da piscina. (Inicialmente desde o 16 de xuño ao 15 de setembro)

## Oitava.- Dereitos de exame.

De acordo coa vixente ordenanza fiscal municipal da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP Nº 34 do 18-02-2022 (poderá consultarse tamén no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero, sede.monfero.es), e sen prexuízo dos beneficios que se establecen nela, os dereitos de exame fíxanse en 15,00 euros, que poderán satisfacerse mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ao Concello de Monfero (Núm.de conta: Abanca CCC ES27 2080 3112 2931 1000 0027), debendo indicarse o Nome, Apelidos e Praza á que se opta) Nestes últimos supostos, os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria ou os servizos postais correrán por conta do solicitante.

## Novena.- Presentación de solicitudes e admisión de candidatos

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, co modelo oficial ou normalizado que figura como anexo I destas bases, dirixiranse á Alcaldía da Corporación e presentaranse durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o seguinte hábil ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica (<https://sede.monfero.es> ou [www.concello.demonfero.com](http://www.concello.demonfero.com)) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao Concello: por fax ao número 981 793804 ou por correo electrónico á dirección [correo@monfero.es](mailto:correo@monfero.es). Esta comunicación simultánea será igualmente obrigatoria se se presentara nas oficinas doutras Administracións Públicas. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial que figura como anexo I nin as que se reciban no Concello unha vez aprobada pola Alcaldía a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as definitiva, se for o caso, con independencia do procedemento utilizado para envialas.

Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias, debidamente asinadas, que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Quinta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

a- Fotocopia do DNI ou Tarxeta de Residente.

b- Xustificante de estar inscrito no Registro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (código de procedimientto PR526A).

En defecto de documentación que acredite a inscrición no citado rexistro, fotocopia da solicitude de inscrición no Registro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, (modelo normalizado que figura como Anexo III ao Decreto 104/2012 xa citado), así como da declaración responsable segundo o modelo normalizado (Anexo IV). Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

c- Xustificante de abono da taxa de dereitos de exame. Terán que estar aboados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

d- No seu caso, fotocopia do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega **CELGA 3** (de acordo co indicado no artigo 6 do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima de los socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo DECRETO 35/2017, de 30 de marzo) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (Celga 3, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base 12.1.3 da presente convocatoria.

Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, agás nos casos que constan nestas bases, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, acordarase por Resolución da Alcaldía a aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, se for o caso, e publicarase coa maior brevidade no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Durante o día hábil seguinte poderanse presentar reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros. As reclamacións ou alegacións presentadas serán resoltas pola Alcaldía, que aprobará no mesmo acto, de ser posible, a composición do órgano de selección e determinará o lugar, data e hora estimada para o inicio das probas de selección (en función do número de aspirantes), que será publicada coa maior brevidade no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero.

## **Décima.- Órgano de selección**

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres Vogais e un Secretario, con voz e sen voto, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto polo art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que será esixible a todos e cada un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O Presidente do tribunal e os vogais deberán posuír titulación igual ou superior aos postos de traballo obxecto da convocatoria, cumprindo o disposto no artigo 60 do TREBEP. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o resto do persoal eventual non poderán formar parte deles. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de ninguén.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Tampouco poderán formar parte do tribunal os funcionarios que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Os membros do tribunal que estean incurso nalgunha desas causas deberán comunicalo inmediatamente á autoridade convocante, quen resolverá o procedente.

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

No que respecta á súa constitución e formación de vontade, rexerese pola Lei de procedemento administrativo, estando facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que puideran xurdir.

## **Décimo primeira.- Procedemento de selección**

O proceso selectivo para a constitución da Bolsa de Traballo desenvolverase mediante o procedemento de oposición libre. As persoas aspirantes acudirán ás probas previstas do DNI e serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento

## **Décimo segunda.- Oposición**

A oposición constará de tres partes, e serán as seguintes:

### **1.1.- Exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Consistirá na superación das seguintes PROBAS DE APTITUDE FÍSICA que serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar e cualificaranse cunha puntuación máxima de dez (10) puntos cada unha, de acordo coa táboa que figura a continuación. Outorgarase a puntuación especificada en cada casiña aos candidatos que non superen os tempos que se sinalan nesa columna e superen os correspondentes á puntuación seguinte. Serán eliminados/as os/as aspirantes que non realicen as probas no límite máximo necesario para conseguir un punto en cada unha.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

| Puntos        | 1     | 2     | 3     | 4     | 5     | 6     | 7     | 8     | 9     | 10    |
|---------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Tempo 1ªproba | 4'50" | 4'35" | 4'05" | 3'50  | 3'40" | 3'30" | 3'20" | 3'10" | 3'00" | 2'50" |
| Tempo 2ªproba | 2'55" | 2'45" | 2'40" | 2'30" | 2'20" | 2'15" | 2'10" | 2'00" | 1'50" | 1'40" |

1ª Proba: Nadar a estilo libre 200 metros.

2ª Proba: Nadar 50 metros a estilo libre, mergullarse 15 metros e iniciar o percorrido marcado con aros de cores, recollendo do fondo da piscina cada un deles, do principio ao fin da rúa, sen sacar a cabeza fora da auga e, logo de recoller o último aro, nadar 10 metros e depositar os aros no lugar marcado para o efecto. Nesta proba o/a aspirante non poderá, unha vez que se mergulla, sacar a cabeza da auga ata recoller o último aro.

Non se permitirá para a realización das probas ningunha indumentaria que non sexa un traxe de baño e un gorro de natación.

## 1.2.- Exercicio de carácter voluntario e non eliminatorio.

Consistirá en contestar a un cuestionario tipo test nun tempo de media hora sobre os contidos dos temas do programa especificado no Anexo II da convocatoria. A proba cualificarase con 10 puntos, que se obterán de contestar 10 preguntas tipo test. Cada pregunta ben contestada terá un valor de un punto e cada resposta fallada restará 0,25. As preguntas que queden en branco non restarán.

A Cualificación obtida polos aspirantes, será a suma do primeiro e segundo exercicio.

A orde de realización do primeiro e segundo exercicios poderá alterarse, a criterio do Tribunal de selección, por circunstancias meteorolóxicas, organizativas...

## 1.3.- Proba de coñecemento da lingua galega

Consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos.

Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

Esta proba estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que estimen mais axeitadas para a súa comprobación. O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo, o título CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas das que se trate, segundo a orde do 10 de febreiro pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán a cualificación de apto.

## Décimo terceira.- Selección

O órgano de selección reunirse á hora determinada polo Sr. Alcalde de acordo co indicado na base novena, e despois de ser anunciado no taboleiro de anuncios do Concello, para o efecto de iniciar as probas de selección, procurando que dean comezo á hora anunciada pola Alcaldía de acordo co establecido na base novena desta convocatoria e que se realicen na súa totalidade na mesma xornada. As cualificacións obtidas polos candidatos considerados aptos iranse publicando no Taboleiro de Anuncios Electrónico Municipal e no local da Piscina Municipal ou lugar no que se vaian celebrando e cualificando as probas. A puntuación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas por cada un na totalidade das probas superadas. Unha vez realizada a selección proporase á Alcaldía a elaboración das listaxes dos candidatos que maior puntuación obtivesen. Poderase deixar deserta a convocatoria se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

se considera procedente. No caso de empate, este resolverase a favor del aspirante que maior puntuación obtivese na primeira proba da fase de oposición, efectuándose un sorteo público, no mesmo acto, se continuara. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do proceso.

A Bolsa de emprego será aprobada por resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados.

## **Décimo cuarta.- Chamamentos**

As incorporacións desde a Bolsa de emprego para prestar servizos realizaranse por orde decrecente, segundo puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes, agás no suposto de que, o aspirante ao que lle corresponda, resultase afectado polas limitacións que se establecen na base 1ª, o que dará lugar á incorporación do seguinte, mentres permanezan ditas limitacións.

Os chamamentos realizaranse, preferentemente, pola AEDL do Concello de Monfero, a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos integrantes, preferentemente este último. Terá que constar no expediente, mediante dilixencia ou, no seu caso, coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico.

Ditos chamamentos realizaranse segundo a orde sinalada no punto anterior, debendo o candidato presentar no Concello, no prazo de tres días naturais, a contar desde o seguinte ao do chamamento, salvo que este estableza outro diferente, a documentación que se indica na base 15.

No suposto de rexeitar a proposta telefonicamente ou de non presentar a documentación no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia para o efecto, e chamarase ao seguinte candidato/a.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para a Corporación, poderán rexeitar oferta e se lle respectará a orde que tivesen na Bolsa.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos seguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren ao posto ou non presentasen a documentación en prazo, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto da Bolsa por un período dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, entre os que non se incluírá o de estar traballando no momento do chamamento, agás que sexa para o Concello.
- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser designado por algunha causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na Bolsa. No caso contrario, será excluído dela.
- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa.
- Os aspirantes nomeados, logo de finalizar o período de servizos, volverán ao posto que ocupaban na Bolsa no momento de seren chamados.

## **Décimo quinta.- Incorporación**

O aspirante chamado segundo a base anterior, presentará os documentos que se especifican seguidamente, acreditativos de que posúe as condicións e reúne, ou continúa a reunir, os requisitos esixidos na Convocatoria, salvo aqueles que presentara xunto coa solicitude en orixinal ou compulsados, no prazo máximo de 3 días naturais contados desde o seguinte ao do chamamento:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida (Xustificante de estar inscrito no Registro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia e acreditación da titulación mínima esixida)
- No seu caso, fotocopia compulsada do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 3, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Certificado de delitos de natureza sexual, se así se estimase pola alcaldía polas funcións a desempeñar.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social, se for o caso.
- Domiciliación de Nómina

O aspirante que, dentro do prazo de 3 días naturais, achegase a documentación esixida, será designado, por resolución da Alcaldía, para o cargo para o que foi seleccionado e, previa sinatura, no prazo de 3 días naturais, do correspondente contrato laboral (baixo a modalidade que se requira ao efecto, tendo en conta a causa e os prazos previstos na lexislación laboral) e alta na Seguridade Social, haberá de incorporarse ao seu posto no prazo de tres días naturais.

Quen dentro dos respectivos prazos de tres días indicados, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, ou non comparecera para a sinatura ou non se incorporase, non poderá prestar os seus servizos, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incorrer por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

## Décimo sexta.- Réxime xurídico

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

## **Décimo sétima.- Impugnación**

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Monfero, 15 de maio de 2024  
O Alcalde  
Andrés Feal Varela